



“Otilia de Sacti Petri dá a luz, en casa duns labregos, a unha filla de pai ignorado, destinándoa posteriormente á inclusa. Inés, muller de Catián, que asistirá o nacemento da neniña, apénase desta e rescátaa da inclusa para levala con eles á aldea.”

Maxina ou a filla espúrea (1880)

MARCIAL VALLADARES

(Vilancosta, A Estrada, 1821 – 1903)

Foi un poeta, novelista e lexicógrafo galego. Estudou Dereito e traballou na Administración, pero retirouse aos poucos anos para dedicarse a actividades literarias e xornalísticas. Ten unha obra moi prolífica, foi colaborador de numerosos xornais e publicacións, autor da primeira novela moderna escrita en galego, *Maxina ou a filla espúrea*, do *Diccionario gallego-castellano*, de diversos poemas e de varios traballos de recuperación etnográfica coma mostras de folclore, cantigas e receitas populares.

GRANDES ÉXITOS



1880, 1970

Maxina ou a filla espúrea é a obra que lle deparou maior recoñecemento. Ambientada no escenario urbano de Santiago de Compostela, foi publicada en dezaseis entregas na revista *La Ilustración Gallega y Asturiana* en 1880 e reeditada en 1970 pola editorial Galaxia.

Diccionario gallego-castellano (1884) é o dicionario máis importante do século XIX e contén máis de 11.000 vocábulos.

Outras das súas obras son *Elementos de gramática gallega* e *Cantigueiro popular*.



1884

“Nado no 1821 na Estrada, foi o autor da primeira novela en galego, *Maxina ou a filla espúrea*, escribindo tamén poemas na nosa lingua como *Saudades* e *Miña aldea*, dando a coñecer o *Cantigueiro popular*, pero por se foran pouco estas referencias é coñecido pola publicación dun *Diccionario gallego-castellano* e tamén pola súa obra *Elementos de gramática gallega*.”

Historia da literatura galega (1984), Francisco Fernández del Riego

